

Bo día e grazas a todos e todas por vir.

Estamos hoxe aquí toda a comunidade educativa dos CEIP Plurilingüe Rabadeira e Juana de Vega de Oleiros, unidos na reclamación á Consellería de Educación da dotación de persoal recortado ao inicio deste curso 2024/2025.

O Juana de Vega incrementou o número de alumnado neste 2024/2025. En cambio, o profesorado de apoio reduciuse de 5 profesores a 3, e 1 titor/a de Primaria aínda non foi incorporado.

No caso de Rabadeira a situación é similar. Tamén se recortou de 2 a 1 praza de profesorado de Audición e Linguaxe, malia que o alumnado con necesidades especiais aumentou con respecto ao curso anterior.

Transcorrido un mes do inicio das clases e esgotadas todas as vías a través dos canles oficiais por parte dos responsables do centros educativos, vémonos na obriga moral de elevar a voz para reclamar o profesorado recortado con respecto a cursos anteriores. Engadimos que esta dotación non se pode suplir coa procedente de programas de éxito educativo que os centros teñan solicitados voluntariamente.

Cremos firmemente que o persoal de apoio para o alumnado, especialmente para aquel con necesidades educativas especiais é, ademais dun dereito básico fixado na lei de atención á diversidade, o pilar básico para garantir a atención e educación en igualdade de oportunidades dos nenos e nenas, sen ver mermada a calidade do ensino nas aulas

Pedimos a reparación inmediata dos graves e inaceptables erros da Consellería de Educación que deixan aos nosos cativos e cativas sen os recursos que lles corresponden. Ademais, esta situación alarmante provoca que o profesorado dos centros se vexan desbordados, o que tamén dificulta o axeitado funcionamento dos mesmos.

Grazas de novo a toda a comunidade educativa polo apoio unánime a esta iniciativa, que esperamos teña unha pronta resposta e subsanación destes recortes por parte da Consellería de Educación.